



En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do Contrato da obra de "Xestión do servizo público baixo a modalidade de concesión das piscinas municipais e bar restaurante anexo mais as pistas de tenis sitas no Aguillón", adoptado por Resolución desta Alcaldía o 16 de abril de 2.010, co seguinte contido:

-No procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente que se segue neste Concello para a contratación da Xestión do servizo público baixo a modalidade de concesión das piscinas municipais e bar restaurante anexo mais as pistas de tenis sitas no Aguillón, convocado por Resolución da Alcaldía de 9 de abril de 2.010, e apertura de documentación administrativa e oferta de data 16 de abril de 2.010.

-Visto que, segundo consta en Informe da encargada do Rexistro de entradas e saídas de 16 de abril de 2.010, foi presentada unha soa oferta por MANTENIMIENTOS JABERJA, S.L.U.

-Visto que a mellor oferta é a de **MANTENIMIENTOS JABERJA S.L.U.** indicando que a oferta é conforme co sinalado nos Pregos.

-Vista as atribucións previstas no apartado primeiro da disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

RESOLVO:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente o contrato da "Xestión do servizo público baixo a modalidade de concesión das piscinas municipais e bar restaurante anexo mais as pistas de tenis sitas no Aguillón", por se-la oferta presentada máis vantaxosa, e axustarse ós Pregos, a **MANTENIMIENTOS JABERJA S.L..**

Segundo: Comuníquese esta Resolución ó licitador, para que nun prazo de 5 días hábiles dende a publicación desta adxudicación provisional no Perfil do Contratante proceda a aportar a garantía definitiva, de conformidade co previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares. O importe da garantía definitiva é de 2.000 €. Asemade o licitador deberá presentar antes da adxudicación definitiva, xustificación de estar ó corrente das obrigas tributarias ca Facenda Pública e ca Seguridade Social.

En A Rúa de Valdeorras, 16 de abril de 2.010



O ALCALDE